

# Peregrinación a Lugo

## do Arciprestado Sarria-Samos para celebrar o Xubileo da Misericordia

O pasado día 11 de abril de 2015 o papa Francisco convocaba o Ano xubilar da misericordia. Este “**Xubileo extraordinario da Misericordia**” inaugurábase o día 13 de decembro coa apertura da Porta Santa en todas as catedrais do mundo. O Papa dínos: *hai momentos nos que dun modo moito máis intenso estamos chamados a ter a mirada fixa na misericordia para poder ser tamén nós mesmos signo eficaz do obrar de Deus, noso Pai.* Francisco quere poñer baixo o signo da misericordia a acción pastoral de toda a Igrexa. Expresa este desexo profundo con estas palabras: *¡Como desexo que os anos vindeiros estean impregnados de misericordia para poder ir ao encontro de cada persoa levando a bondade e a tenrura de Deus! A todos, crentes e lonxanos, poida chegar o bálsamo da misericordia como signo do reino de Deus que xa está presente no medio de nós.*

O lema deste ano xubilar é: *Misericordiosos coma o voso Pai.* Na misericordia temos a proba de cómo Deus nos ama. El dáenos gratuitamente, sen pedir nada a cambio. Cada cristián está chamado a ser misioneiro da misericordia, a visitar ao irmán en calquera necesidade material ou espiritual e a ser testemuña de que a *misericordia de Deus chega aos seus fillos de xeración en xeración.*

**O domingo, día 10 de abril** os fregueses do Arciprestado de Sarria-Samos peregrinaremos a Lugo para celebrar na catedral este Xubileo extraordinario da Misericordia.

Para os que o desexen sairá un autocar de Samos ás CATRO MENOS CUARTO (xunto ó concello). Os que vaian participar deberán anotarse chamando a Lousada (ou no Mosteiro para os de Samos) antes do 7 de abril. O horario dos actos en Lugo é o seguinte: **5,15 Celebración penitencial** comunitaria na Igrexa dos Franciscanos. Ás **6,45 entrada pola porta Santa** na catedral. Ás **7 Eucaristía** presidida polo noso Bispo, D. Alfonso. Pedímoslle á Virxe María, a quen tantas xeracións rezaron a Salve, que volva os seus ollos misericordiosos cara nós, para que, como ela, saibamos gardar sempre memoria viva da Misericordia do seu Fillo.



FOLLA INTERPARROQUIAL 2- MARZO 2016. UNIDADE DE ACCIÓN PASTORAL LOUSADA-SAMOS

## **Feliz Pascua de Resurrección!**

Na Pascua celebramos que:  
o ben triunfou sobre o mal,  
a gracia sobre o pecado,  
a vida sobre a morte,  
o amor sobre o odio,  
a luz sobre as tebras,  
a paz sobre a guerra.

**Xesús resucitado sae ó noso encontro e dínos:**

***Alegrádevos!***

***Non teñades medo!***

El é a **LUZ** que venceu as tebras e ilumina o noso camiño.

El é o **AMOR** que venceu o odio e que nos ama sen límites.

El é a **VIDA** que venceu a morte e nos da vida.

El é a **FORZA** nas nosa debilidades.

El é o **AMIGO** que non nos abandona nunca.

El é a **TENRURA DE DEUS** que nos

fai misericordiosos coma o Pai.

# *Programación*

## **Preparación para a confirmación**

Os mozos e mozas de 14 ou máis anos que o desexan estanse a preparar para recibir o sacramento da confirmación. As reunións son en Lousada os sábados as 11,30 da mañán. Se alguén non está anotado e desexa participar aínda está a tempo de facelo.

## **Encontros de convivencia cos maiores**

Neste curso quedan dous encontros programados. O de Lousada que está para o día 10 de abril queda suprimido xa que é o día que imos a Lugo celebrar o Xubileo da Misericordia.

O último encontro deste curso no Priorato será o día 24 de abril.

## **Excursión a Vigo**

Como clausura dos encontros de convivencia cos maiores teremos unha excursión a Vigo. Será o día 28 de maio. Os interesados deberán anotarse antes do 21 de maio.

## **Vacacións – convivencia cos maiores**

Serán do **15 ó 22 de abril**. O destino será **Cáceres** onde visitaremos: O Valle del Jerte, Mérida, Trujillo e o Mosteiro de Guadalupe; e **Cádiz** onde visitaremos, El Puerto de Santa María e Jerez de la Frontera. Estas vacacións son para os maiores, pero tamén poden participar outras persoas adultas que o desexen. Queda algunha plaza libre. Se alguén o desexa **deberá inscribirse antes do día 3 de abril**.

## **O Sacramento da Unción de Enfermos**

Dado que estamos no Ano Xubilar da Misericordia, por iso temos programado celebrar comunitariamente este sacramento en:

**San Xoán de Lóuzara o día 8 de maio as 12.**

**Santa Marta de Castroncán o día 15 de maio ás 12.**

**San Mamede do Couto o día 22 de maio ás 12.**

Será no tempo de pascua. Está pensado para que participen os que o desexen de tódalas parroquias. Celebrar o encontro con Deus desde a enfermidade e a fragilidade humana, sempre é un estímulo para a vida e fonte de esperanza.

## **Camiño de Santiago**

Faremos c camiño de Santiago desde Ribadeo a Santiago. Será do 4 ó 9 de xullo. Esta organizado para maiores de 18 anos.

## **Campamento de rapaces**

Temos programado o campamento para rapaces do 11 ó 16 de xullo. Levarase a cabo sempre que se xunte un grupo considerable de participantes.

## **Excursión de convivencia interxeracional**

Será o sábado, día 6 de agosto.

## **XXVI festa de convivencia cos nosos maiores**

Será o día 21 de agosto no Castro de Lourido

## **Viaxe cultural para voluntarios e colaboradores da Fundación**

Será do 24 ó 31 de agosto. Visitaremos Huesca e Jaca